

Tarefas de Historia de 3º da Eso para facer na semana do 23 ao 27 de marzo

Ola rapaces/rapazas: Espero que estedes a levar o millor posible o confinamento e que a cousa non vós estea a resultar demasiado tediosa. Tomádeo con calma porque moito me temo que a cousa va a ir para longo, máis do que nos dixeron ao principio. Outra cousa: as tarefas que vos vou ir mandando son para que aprendamos algo de Historia, dacordo? Non para que fagades o mínimo para logo aprobar un exame que aínda nen sequera se sabe cando se vai facer, se ao final se acaba facendo. Así que, por favor, cambiade o “chip mental” e intentade ver estas actividades como un xeito de sobrelevar millor o peche (que non todo vai ser “viciar” en internete) e saír de él, cando sexa, algo máis sabios. Dacordo, rapaces? Veña, ánimo.

Bueno, pois esta semana imos estudar o primeiro tema de Historia que leva por título: A Idade Moderna, unha nova era, e que, básicamente, vainos falar do que supuxo o descubrimento de América para poñer punto final á Idade Media e dar paso a un novo período histórico no noso mundo OCCIDENTAL (nunca o esquezades, ok?) Como vedes, o libro (será por iso de ser español) prefire poñer máis o acento nesta data, 1492, e moito menos na de 1453 (conquista de Constantinopla polos turcos musulmáns).

Ben, isto é o que me gustaría que fixérades:

1. Poñede o título do tema
2. Facede todos os exercicios do tema que levan por título: Claves para estudar. Non é necesario que copiedes as preguntas, pero sede ordenados e cuidadosos
3. Facede as actividades de “Interpreta o mapa” Neste tema, máis ca nunca, os mapas son importantísimos.
4. Facede as actividades dos apartados: A vida a bordo dunha carabela e Recreación histórica de Tenochtitlán (capital do Imperio azteca).
5. O apartado 5: As transformacións sociais e económicas, pode resultarvos o máis aburrido e, incluso, difícil de entender polo vocabulario. Aproveito para lembrarvos que, ao final do libro, tedes un glosario cos termos que non entendades, termos propios da asinatura.

E isto é todo o que me gustaría que fixérades nesta semana. Sei que son tempos complicados e incertos, pero temos que facer todo o posible por vivir dentro dunha mínima normalidade, parécevos? Agora, máis ca nunca, é momento de non ser egoistas, non pensar tanto en eu, eu, eu, e máis no que podemos facer polos demais (familiares, amigos...) para que isto non se acabe transformando na xungla da que eu vós falaba en clase. Rapaces, eu estou apelando a vosa responsabilidade. É tempo de madurar!

Coidádevos moito e tentade levar as cousas con tranquilidade, veña. Moito ánimo!!!